

LIMAR

Esta Edición crítica pretende introducir e achegar o *Sempre en Galiza*, dunha forma asequíbel e contextualizada (non tanto como sería desexábel, por razóns de espacio), ao público en xeral, abrindo unha porta tan sequera para a lectura dos demais libros, imprescindíbeis todos eles para entender o nacionalismo galego, a II República, o proceso estatutario galego, a Guerra civil,... Xa vai indo aló algo máis de medio século desde a súa publicación en 1944, e faise preciso, máis que nunca, un labor de actualización, de divulgación e, asemade, de clarificación sobre o tratamento do seu contido esencial, tarefa á que aportamos só un gran de area máis, pois debe de ser colectivamente levada a cabo polos que se senten continuadores do pensamento e actuación de Daniel Castelao. Vaia tamén dedicado para todos eles este esforzo.

A funcionalidade e vixencia do *Sempre en Galiza*, globalmente ou dos seus capítulos máis representativos, constatouse nas aulas ao longo de moitos cursos, naqueles niveis axeitados, mediante análise e comentario de textos concretos ou traballos de investigación realizados polos alumnos. Vaia o agradecemento para os que, de xeito voluntario, aprenderon a identificarse con Castelao e con Galiza.

De forma especial tamén, un obrigado agradecemento pola súa axuda, fornecéndome material, a Francisco Rodríguez, a Pilar Garcia Negro, a Xosé Luís Martínez Allegue e a Elvira Roiz.

Para estes, para os amigos, para os admiradores de Castelao, para os devotos de Castelao –sen que esta amizade, esta admiración, esta devoción entrañen superstición irracional, fanatismo cego ou santificación beata–, todo o que se refira a Castelao é interesante, nada hai que non teña interés na súa biografía, na súa bibliografía. Para estes escribo esta liñas (...)

Ricardo CARVALHO CALERO